



Veciñanza critica a nula iniciativa municipal en materia deportiva do Bipartito de Cuntis

O Concello de Cuntis non fixo absolutamente nada orientado á promoción do deporte, dos novos prezos das instalacións, do acceso a elas, dos horarios, etc. O fomento da actividade deportiva queda exclusivamente nas mans das entidades deportivas cunteses, que grazas ao esforzo e ao traballo dos homes e mulleres que lle adican o seu tempo de forma exemplarmente voluntaria, integran a numerosos/as mozos e mozas de diversas idades.

Cuntis, 25 de abril de 2018. Malia ter aprobado recentemente unhas novas taxas para o uso das instalacións deportivas municipais, **o Concello de Cuntis non fixo absolutamente nada orientado á promoción do deporte, dos novos prezos das instalacións, do acceso a elas, etc.** O fomento da actividade deportiva queda exclusivamente nas mans das entidades deportivas cunteses, que **grazas ao esforzo e ao traballo dos homes e mulleres que lle adican o seu tempo de forma exemplarmente voluntaria**, integran a numerosos/as mozos e mozas de diversas idades. **Un esforzo que é de agradecer e que merece todo o noso recoñecemento.** De parte da administración local non existe iniciativa encamiñada ao fomento da actividade deportiva, nin difusión das posibilidades, nin dos horarios nin tan sequera un procedemento claro para o uso e acceso das instalacións.

Tal é o desleixo nesta materia que, **como exemplo, dúas das principais instalacións deportivas do municipio, como son os campos da Ran e das Canteiras, non teñen nin tan sequera sinalización, nin rótulos nin indicación da súa localización nas vías de acceso a elas (entre elas, a N640).** Non existe persoal específico (como podería ser un bedel ou posto de traballo semellante) que controle o uso, cobro e acceso ás instalacións. A acción da administración local debera ir máis alá que o simple apoio ás entidades, clubs e asociacións que traballan intensamente para ofrecer un notable abano de posibilidades en moitas modalidades. **No caso de Cuntis, a ausencia de iniciativa municipal propia é clamorosa.**

O pleno da Corporación aprobaba, o pasado 5 de decembro de 2017, a nova 'Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de piscina, polideportivo municipal e outras instalacións análogas'. Trátase dunha ordenanza demandada xa por Veciñanza no ano 2015 e moi necesaria para regular e ordenar o uso das instalacións públicas do ámbito deportivo en Cuntis. Pero ademais desta función, **Veciñanza propuxo no seu momento que se aproveitara para facer unha promoción específica da práctica deportiva, de todas as modalidades posibles, aproveitando precisamente as instalacións públicas existentes.** A tal efecto, fixemos propostas que foron incluídas na redacción final, tales como a diferenciación de prezos segundo o horario de uso (nocturno ou diurno), beneficios fiscais para persoas en risco de exclusión social, vítimas de violencia de xénero e persoas desempregadas. Ademais destas, propoñiamos tamén outras condicións de carácter económico que entendiamos que beneficiaban tanto a usuarios/as como á propia administración no control do uso. Estas non foron aceptadas en base a criterios





económicos, e en consecuencia, Veciñanza abstívose xa que entendemos que a promoción do deporte e das instalacións deportivas como un valor social, e non só como a xestión dun balance de sumas e restas.

